

# Participación feminina no mercado de traballo desde un enfoque interxeracional\*

## *Female Participation in the Labour Market from an Intergenerational Approach*

---

ISABEL NOVO-CORTI

Universidade da Coruña, Economic Development and Social Sustainability (EDaSS) Research Unit,  
Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas, Facultade de Economía e Empresa,  
Elviña, 15071 A Coruña, España  
<isabel.novo.corti@udc.gal>

MARÍA BARREIRO-GEN

Universidade da Coruña, Economic Development and Social Sustainability (EDaSS) Research Unit,  
Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas, Facultade de Economía e Empresa,  
Elviña, 15071 A Coruña, España  
<maria.gen@udc.gal>

Recibido: 30/06/2015

Aceptado: 20/07/2015

\* Unha versión preliminar deste traballo foi presentada no II International Workshop on Economic Development and Social Sustainability (II EDaSS), que tivo lugar os días 8 e 10 de maio de 2013 na Coruña.

## Resumo

As mulleres foron incorporándose de maneira notable á denominada esfera pública desde finais do século XX en España, mais non sucedeu o mesmo no tocante aos homes e o ámbito privado. No entanto, dentro da poboación masculina podemos salientar o colectivo dos avós, polo rápido proceso de cambio que está a experimentar ao se incorporar ao sistema de cuidados, en concreto, de nenos e nenas. Denominamos este proceso a «revolución dos avós». Aínda que son as avoas as que desenvolven en maior medida as tarefas mencionadas, os avós están a mudar o seu rol de xénero. No artigo analízase a bibliografía máis relevante neste ámbito, para estudar despois as causas e consecuencias máis importantes do devandito proceso de cambio, así como os principais perigos que se poden derivar del.

**Palabras chave:** sustentabilidade, xénero, avó, muller, cuidados.

## Abstract


*Women have largely incorporated into the so-called public sphere since the end of the twentieth century in Spain, but it has not been the case of men into the private area. However, within the male population, the collective of grandfathers may be highlight, due to the fast process of change experienced. This group has been incorporated into the care system, specifically care children. We have called this process “grandfathers’ revolution.” Although grandmothers are developing further these tasks, grandfathers are experiencing a change in their gender role. The relevant literature on this topic has been discussed in this article. Subsequently, the most relevant causes and consequences of this change process have been studied as well as the main risks that can be derived from it.*

**Keywords:** Sustainability, Gender, Grandfather, Woman, Care system.

## 1. Introducción

A figura dos avós como coidadores cobrou importancia nos últimos tempos debido aos cambios demográficos e sociais que se produciron en España nas últimas décadas. A respecto da demografía, destaca o profundo proceso de avellentamento que a nosa sociedade está a experimentar. En 1975, a porcentaxe sobre o total da poboación de persoas cunha idade que superaba os 64 anos era do 10,45%. En 2012 esta porcentaxe alcanzou o 17,38% (Instituto Nacional de Estadística, 2012a).

**Gráfico 1. Evolución da porcentaxe de persoas con idades superiores aos 64 anos no período 1975-2012**



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística (2012a)

De acordo coas estimacións realizadas polo Instituto Nacional de Estadística, en 2025 esta porcentaxe ascenderá até o 21,13% (Instituto Nacional de Estadística, 2012b). Se atendemos ao que sucede no resto de estados membros da Unión Europea, a situación é similar, como podemos apreciar na Táboa 1, en que se recolle a evolución da porcentaxe de persoas con 65 anos ou máis sobre o total da poboación na Unión Europea dos 27, na Zona Euro e nalgúns dos países que forman parte da Unión (Eurostat, 2012). O período obxecto de estudo vai de 2000 a 2010, e nel podemos observar como a tendencia é claramente crecente, sobre todo en casos como o alemán, que parte, no ano 2000, cunha porcentaxe do 16,2% e atinxe en 2010 un 20,7% de poboación maior de 64 anos. Este avellentamento poboacional é consecuencia do incremento da esperanza de vida. De feito, en 1991, para os homes españois era de 73,50 anos e para as mulleres de 80,67 anos. En 2010 estas cifras acadaron os 78,94 anos para os homes e os 84,91 anos para as mulleres. Por tanto, o número de persoas maiores incrementouse notablemente e prevese que o siga facendo nos próximos anos.


**Táboa 1. Evolución da porcentaxe de persoas con idades superiores aos 64 anos sobre o total da poboación na Unión Europea no período 2000-2010**

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
<b>EU (27)</b>	15,6	15,8	16	16,2	16,4	16,6	16,8	16,9	17,1	17,2	17,4
<b>Zona Euro</b>	16,2	16,5	16,7	16,9	17,1	17,4	17,6	17,8	17,9	18,1	18,3
<b>Alemaña</b>	16,2	16,6	17,1	17,5	18	18,6	19,3	19,8	20,1	20,4	20,7
<b>Grecia</b>	16,5	16,8	17,2	17,5	17,8	18,1	18,5	18,6	18,6	18,7	18,9
<b>Austria</b>	15,4	15,4	15,5	15,4	15,5	15,9	16,4	16,9	17,1	17,4	17,6
<b>Finlandia</b>	14,8	15	15,2	15,3	15,6	15,9	16	16,5	16,5	16,7	17
<b>España</b>	16,7	16,9	17	16,9	16,9	16,8	16,7	16,7	16,6	16,6	16,8

Fonte: elaboración propia a partir de datos de Eurostat (2012)

Por outro lado, a muller incorporouse de maneira masiva ao mercado laboral. En España, a devandita incorporación produciuse fundamentalmente a finais do século XX. En 2013, a taxa de actividade feminina alcanzaba o 53,31% (Instituto Nacional de Estadística, 2014). Tal e como podemos observar no Gráfico 2, as taxas de actividade masculina e feminina están cada vez máis próximas a converxer.

**Gráfico 2. Evolución das taxas de actividade masculina e feminina no período 1977-2013 e taxas proxectadas até 2026**



Fonte: elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística (2014)

No entanto, e ante o fenómeno da incorporación feminina ao mercado de traballo, non se produciu o aumento que cabería esperar da contribución dos homes ao traballo doméstico: de acordo coa Enquisa de emprego do tempo levada a cabo polo INE en 2009-2010, as mulleres dedícanlles ao fogar e á familia dúas horas e cuarto máis que os

homes cada día. Aínda que a distancia entre o tempo que lles dedican a estas actividades un e outro xénero se reduciu nos últimos sete anos en 41 minutos, a diferenza continúa a ser moi pronunciada (Instituto Nacional de Estadística, 2011). Esta situación parece non concordar, daquela, coa forte entrada da muller no mercado laboral. As mulleres incorporáronse en gran medida á tradicionalmente coñecida como esfera pública, mais non aconteceu o mesmo en canto aos homes e o ámbito privado. Se nos centramos no tempo dedicado ao coidado, as mulleres destínanlle tres veces máis que os homes a esta actividade (Consello Superior de Investigacións Científicas, 2003).

No tocante ás explicacións a este freo na incorporación dos homes ao ámbito doméstico e, en concreto, ás tarefas de coidados, de acordo con Tobío Soler (2012) os homes non coidan porque non saben, non poden ou non queren. É posible que non adquirisen os coñecementos necesarios ao longo da súa vida, como si o fixeron as mulleres de maneira informal; que a propia sociedade non entenda que, en determinados momentos, os homes poden considerar que hai cousas máis importantes que o traballo; ou que a identidade de xénero sexa tan forte que non queiran coidar. O certo é que o avellentamento da poboación e o ingreso da muller no mercado laboral non foron seguidos dunha división sexual máis equilibrada das tarefas asistenciais (Martínez, 2011).

En consecuencia, a conciliación do traballo dentro e fóra do fogar faise difícil (Tobío, 2005), xa que, ademais de que a poboación masculina non mudou os seus hábitos na proporción requirida a respecto do traballo doméstico, as políticas sociais desenvolvidas polo Estado español canto á xestión dos coidados son realmente escasas, seguindo a tradición «familista» que caracteriza a nosa sociedade (Martínez, 2011), isto alén de que a situación de crise retarda o desenvolvemento de novas políticas e mesmo complica o mantemento das existentes. É preciso entendermos que o apoio do Estado ás familias, e en concreto, ás familias con crianzas, é un factor chave na transición cara á xeneralización da familia de dous ocupados (Fernández e Tobío, 2006).

Con todo, existe un colectivo que si iniciou un rápido proceso de cambio e de incorporación ao sistema de coidados, en concreto, de coidado de nenos e nenas, que é o dos avós. Ademais das avoas, que asumen en maior medida este tipo de tarefas, os avós están experimentando un cambio no seu rol de xénero (Radl, 2003), o que resulta, nun principio, paradoxal a respecto do comentado anteriormente. Por iso, neste traballo analízanse as bases teóricas máis relevantes nesta materia, para estudar posteriormente as principais causas e consecuencias desta que podemos chamar a «revolución dos avós». Así mesmo, estúdanse os posibles perigos que poden xurdir desta asunción de tarefas, como pode ser a dobre dependencia (Badenes e López, 2011).

## 2. Modelo do coidado e sustentabilidade do sistema

O traballo reprodutivo ten dous compoñentes principais: o primeiro son as tarefas do fogar, que adoitan ser labores centrais, repetitivos e rutineiros e poden consistir en coñar, pasarlle o ferro á roupa ou limpar (Domínguez, 2012); por outro lado atopamos os labores de coidado, caracterizados por unha carga emocional moi elevada, que se mantiveron invisibles durante máis tempo (Carrasco, 2006). Como vemos, trátase de tarefas moi diferentes e en que a implicación emocional difire. De acordo co modelo do coidado de Daly e Lewis (2000), baixo este sistema subxace un conxunto de relacións que xorden da intersección dos sectores do estado, o mercado e a familia. Dependendo da época e do país que se analicen, cada un destes piares contribuirá nunha maior ou menor medida ao sistema de coidados (Martínez, 2011). Por iso é importante ter en conta que papel xoga cada un destes axentes sociais (Daly e Lewis, 2000).

Doutra banda, de centrarmos a análise nos devanditos axentes, cómpre examinarmos en primeiro lugar o papel desempeñado pola familia. De feito, a familia, e en concreto as mulleres, foron e son en España o pilar que permitiu a sustentabilidade social do sistema até o momento, ao asumiren a maior parte das tarefas de coidados (Carrasco, 2001; Barreiro-Gen, Novo-Corti e Justo Suárez, 2012). Porén, o traballo doméstico comezou a aflorar e facerse visible, malia os aspectos máis subxectivos desta actividade permaneceren demasiado ocultos aínda (Carrasco, 2009). Así, ante os cambios demográficos e sociais que se produciron e a crise de coidados que se puxo de manifesto, xorde a necesidade de buscar alternativas para asegurar a sustentabilidade do sistema (Pérez, 2006).

Xa que o Estado non desenvolve políticas sociais adecuadas e suficientes, a diferenza de noutros países europeos en España as tarefas de coidado continúan a desenvolverse ben dentro da propia familia ou ben acudindo ao mercado: a contratación de mulleres, sobre todo inmigrantes latinoamericanas, para realizar tarefas de coidados, principalmente de maiores, con soldos moi baixos, é cada vez máis frecuente en España (Instituto de Maiores e Servizos Sociais, 2005). Dito doutro xeito, ao non atopar apoio no Estado, as mulleres buscan alternativas para poder compatibilizar o seu traballo fóra e dentro do fogar.

Así, poden optar por asumiren elas todo o traballo, nun intento de se converteren nunhas auténticas *superwomen* para responder aos requirimentos do sistema social que lles tocou vivir (Newell, 1993; Herrera e DelCampo, 1995), e nos máis dos casos

acabaren esgotadas e derrotadas. Tamén poden escoller acudir ao mercado, contratar alguén que se encargue dos fillos e as fillas e servirse das gardarías cando os horarios destas o permitan. Así mesmo, poden buscar axuda a través das redes familiares, caso en que é moi frecuente que se produza a substitución dunhas mulleres por outras nestas tarefas (Tobío, 2008). É neste punto que cobran unha vital importancia as avoas coificadoras. O aumento da esperanza de vida, unido ao incremento da autonomía persoal, contribúen a que as posibilidades de que as avoas poidan prestar axuda sexa maior. De igual xeito, cada vez é máis común que os dous membros da parella traballen, o que aumenta a necesidade de axuda externa para o coidado das crianzas. Ao respecto, o papel desempeñado polos avós está medrando e é cada vez máis importante, sobre todo no caso dos avós maternos, que actúan como «rescatadores» das súas propias fillas. De feito, o apoio ofrecido polos avós é maior cando as súas fillas son nais (Tobío, Agulló, Gómez e Martín, 2010).

O coidado desenvolvido polos avós e as avoas é un ámbito moi pouco estudado até o momento. A maioría das investigacións existentes centran o seu obxecto de estudo nas relacións entre avós e avoas e os seus netos e netas de forma conxunta, é dicir, sen faceren ningunha distinción por sexo (Meil, 2003; Hoyuelos, 2004; Sánchez, Buz, Bueno e Navarro, 2007; González, 2011). Nelas salientase que os avós e as avoas actúan moitas veces como «colchón» protector de moitas deficiencias sociais (González, 2011), converténdose nunha sorte de servizos sociais, e que a súa contribución axuda ao sostemento económico e social, alén de exercer de amortecedor da relación entre pais, nais, fillos e fillas (Hoyuelos, 2004). Tamén existen estudos que centran a súa atención nas avoas coificadoras, en que se salienta que son elas as que lle dedican máis tempo ao coidado dos netos e as netas (Tobío, 2002; Villalba, 2002; Guasch, 2006; Zapater-Torras e Muñoz, 2006). No tocante a aqueles estudos que si comparan as relacións que manteñen os avós e as avoas segundo o xénero, fan fincapé en que son as avoas as que teñen unha maior vinculación con netos e netas (Radl, 2003; Osuna, 2006; Radl, 2007; Instituto de Estatística de Andalucía, 2010).

De acordo co estudo do Instituto de Estatística de Andalucía (2010) sobre os avós, as avoas e as redes familiares en Andalucía, ao igual que sucede no resto de España, as mulleres ocupadas con cando menos un fillo ou unha filla menor de 14 anos requiren nun 27% como recurso para o seu coidado as redes familiares, e, dentro delas, sobre todo as avoas e os avós. Destácase que avoas lle dedican moitas máis horas ao coidado dos netos e as netas que os avós; isto alén de que, sorprendentemente, son as avoas que contan cun traballo remunerado as que máis contribúen a este tipo de coidado (o 61,2%

delas coidan os netos e as netas), con toda probabilidade porque están máis concienciadas da importancia da inserción no mercado de traballo das súas fillas. Radl (2007), pola súa parte, fai fincapé en que os avós se dedican máis á realización de actividades lúdicas cos netos e as netas que as avoas, mais tamén percibe que os avós asumen cada vez máis as tarefas e funcións do coidado.

Consideramos que a verdadeira novidade neste tipo de relacións non é que as mulleres contribúan máis ao coidado dos netos e as netas, senón xustamente que os avós tamén se estean integrando nestas tarefas, aínda que sexa de forma tímida e limitada a aqueles aspectos máis relacionados co lúdico polo momento. Este fenómeno é o que denominamos a «revolución dos avós».

### **3. A revolución dos avós**

A pesar de que as familias se estreitan e se alongan, as redes familiares preséntanse como un punto de apoio fundamental. Semella que nos atopamos nun momento en que as parellas son cada vez menos consistentes e en que son os vínculos interxeracionais os que están dotados de maior permanencia (Tobío, 2008). Redescóbrese, xa que logo, o parentesco ante a precariedade dos vínculos matrimoniais (Guasch, 2006). As relacións entre avós e avoas e netos e netas tamén se foron transformando como consecuencia dos cambios que experimentou a familia, aínda que se manteñen os lazos entre eles en moitos casos (Meil, 2003; Kemp, 2007).

No seu estudo sobre o coidado e a identidade de xénero, Tobío (2012) conclúe que os homes, en xeral, non coidan, mais salienta os avós como uns dos poucos exemplos de homes que si levan a cabo esta función. Por iso, realizouse unha análise das principais causas que explican por que este colectivo de homes contribúe cada vez máis á tarefa do coidado dos netos e as netas.

#### **3.1. Factores explicativos da incorporación dos avós ao sistema de coidados**

Os vínculos matrimoniais e as parellas en xeral son arestora cada vez menos duradeiros no tempo. O número de matrimonios no noso país descende, mentres que o número de divorcios pasou 35 834 en 1995 a 125 777 en 2007 (Instituto Nacional de Estatística, 2010). De feito, malia ser certo que as taxas de variación interanual do número de divorcios se volveron negativas nos primeiros anos da crise, non podemos afirmar que



este cambio de tendencia se deba a que os vínculos matrimoniais cobrasen importancia, senón, fundamentalmente, a unha cuestión económica, dadas as dificultades para lles facer fronte a un divorcio e a unha vida por separado. Ante esta situación, os vínculos interxeracionais gañan máis e máis peso, pola súa inevitable permanencia. Desta forma, as redes familiares entre as que se atopan as establecidas entre pais e nais e fillos e fillas, así como entre avós e avoas e netos e netas, revalorízanse.

Partindo deste contexto, cómpre dicirmos que unha das principais causas de que os avós contribúan cada vez en maior medida ao coidado das netas e os netos é o cambio de rol que experimentan na vellez. O estudo de Radl (2003) é unha das investigacións pioneiras no noso país sobre as relacións dos avós e as avoas cos netos e as netas tendo en conta o sexo. Na devandita análise faise referencia ás transformacións no comportamento en función do xénero na vellez, e deféndese a tese da vellez como compensación. De acordo con esta tese, a vellez permite que o individuo supla aquelas carencias que tivo na súa vida. As avoas e os avós desempeñan os seus roles de xénero tradicionais, é dicir, as avoas asumen o papel afectivo e de coidado e os avós exercen un papel instrumental máis relacionado coa súa experiencia laboral; mais, a un tempo, as avoas reclaman en maior medida un espazo propio e maior autonomía, mentres os avós asumen tarefas de coidados (Osuna, 2006). Por tanto, ao relacionarse cos netos e as netas están a incorporar elementos novos de xénero, «compensando» as carencias das súas propias vidas.

Se nos centramos nas avoas, estas contribúen máis e desde hai máis tempo ao coidado dos netos e as netas, desempeñando, así, o seu rol tradicional. Trátase de asumir un papel similar ao de volver ser nai, xa que se agarda delas que, ante a solicitude de axuda dos fillos e as fillas, accedan a prestar tal axuda. Non obstante, é cada vez máis habitual que reivindiquen un maior espazo persoal, ao asumiren valores de autorrealización e seren cada vez máis independentes. É posible que, ante estes cambios, algunhas mulleres teñan un importante sentimento de culpa por deixaren de ser as «avoas tradicionais», cuxas funcións están tan arraigadas, e pasaren a asumir novos valores (Guasch, 2006). Xorden, daquela, varios modelos do rol de avoa que, segundo Radl (2003), son os seguintes: o modelo de avoa tradicional, consagrada á familia; un modelo intermedio de avoa que asume parte do seu rol tradicional e parte do novo rol; e un terceiro modelo de avoa centrado en aspectos extrafamiliares e moito máis independente.

Por parte dos avós tamén se produciron importantes cambios. Ademais do seu papel instrumental, vinculado á experiencia laboral, coidan os netos e as netas, incluso até o

punto de se xubilaren anticipadamente para exercer estes coidados. A importancia do cambio está en que moitos deses homes nin sequera levaron a cabo estas tarefas cos seus fillos (Tobío, 2012). Xa que logo, realizan tarefas que son novas para eles e que contribúen, como dicíamos, a complementar as carencias do pasado.

Por outro lado, a idea de que o coidado das crianzas é unha tarefa cuxa maior responsabilidade recae sobre a nai persiste en moitos casos na nosa sociedade. Parece que é ela a que, ao decidir incorporarse ao mercado laboral, debe buscar unha «solución» para o problema que xorde. Isto reflíctese en que os avós maternos axudan ao coidado dos netos e as netas en maior medida, pois están «axudando as súas fillas» a solucionar o «problema» que lles xorde a «elas». Por tanto, persiste a idea de que é unha tarefa da muller, que agora pasan a desempeñar, polo xeral, os seus pais, por «botarlle unha man a ela». Este fenómeno reflíctese nos datos. De feito, en Andalucía a porcentaxe de avós maternos que coidan os netos e as netas, a respecto do conxunto de coidadores por sexo, é do 58,6% cando as crianzas son menores de 3 anos, mentres que a porcentaxe relativa dos avós paternos é do 49,1%; e a contribución ao coidado de netos e netas tamén é maior no caso das avoas maternas, pois a porcentaxe das que realizan estes coidados a respecto do conxunto de coidadores por sexo é do 62,2%, fronte ao 47,4% das avoas paternas (Instituto de Estatística de Andalucía, 2010).

### **3.2. Consecuencias da axuda prestada polos avós coidadores**

Unha vez analizadas as principais causas deste fenómeno, trataremos a continuación as consecuencias máis relevantes da revolución dos avós, que agrupamos en dous bloques segundo o seus efectos camiñen nunha ou outra dirección. É dicir, existen consecuencias con efectos regresivos e outras, a gran maioría, con efectos progresivos.

#### **a) Consecuencias con efectos regresivos**

A principal consecuencia con efecto regresivo é que a axuda prestada polos avós mantén dentro da familia o sistema de coidados e a sustentabilidade social. Desta forma, «solúciónase» o problema que xorde da incompatibilidade do traballo fóra do fogar da muller e o coidado de fillos e fillas sen que interveña o Estado para ofrecer mellores políticas sociais. É unha forma de delongar o momento en que se conseguirá verdadeiramente a sustentabilidade social, en que esta non recaerá, por obriga, en ningún colectivo da nosa sociedade. Xa que logo, só alcanzaremos esa fase de desenvolvemento cando a sociedade se responsabilice e se concencie de que a conciliación é un problema social, e non só das mulleres ou das mulleres e os seus proxenitores.

## b) Consecuencias con efectos progresivos

O efecto progresivo está relacionado co cambio do rol de xénero que se produce ao introducirse o home, neste caso o avó, no sistema de coidados, ao adoptar a figura de coidador. As consecuencias que se derivan deste cambio son múltiples.

En primeiro lugar, isto permite que as mulleres poidan manter o seu traballo, polo que están a contribuír ao seu «dereito a traballar» (Mundlak, 2007) e, desta forma, diminúen o custo de oportunidade que a muller que se incorpora ao mercado laboral debe asumir, o que está relacionado coa remuneración económica da muller traballadora. Neste terreo hai unha diferenza esencial entre a formulación masculina e feminina: mentres que o home que se vai incorporar ao mercado laboral considera que os ingresos que obtén consisten en ingresos «netos», a muller considera que ir traballar fóra de casa supón un custo, de tal maneira que terá que valorar «se compensa» saír traballar fóra do fogar. Poderíamos dicir que no caso do traballo feminino, o custo de oportunidade é moi elevado, xa que equivalería ao valor do traballo que leva a cabo dentro do fogar (coidado de crianzas, persoas maiores ou dependentes; limpeza; cociña; organización etc.). Este valor pode cuantificarse en termos do gasto que cumpriría asumir para substituír a muller nas súas tarefas: o que custa a gardaría ou a residencia dos maiores; o soldo do servizo doméstico; o prezo dos comedores obrigatorios e todos aqueles gastos en que a familia incorrerá debido á incorporación da muller ao mercado laboral. Se o traballo que pode conseguir está ben remunerado é posible que o saldo neto sexa positivo ou nulo, mais se o traballo non é moi cualificado probablemente a remuneración sexa escasa e o saldo teña un resultado negativo, co que a conclusión aparente e ao mesmo tempo errónea é que non «compensa» traballar fóra de casa (Barreiro-Gen, Novo-Corti e Justo Suárez, 2012).

Este razoamento resulta, como dicimos, erróneo, xa que non podemos reducir todo a termos económicos. Así mesmo, xa que os custos son xerados por toda a familia, deben ser asumidos por todos os seus membros, e cómpre ter en conta o ciclo de vida da muller completo. É probable que ao inicio da súa vida laboral, cando a muller é nova ou ten crianzas, o custo que teña que asumir sexa moi importante e mesmo inclúa rendementos económicos negativos, mais esta é probablemente a única forma de que se mantéña no mercado de traballo, ao cal é moi posible que se lle negue o acceso se espera a que as contas realizadas co criterio descrito boten un saldo positivo, de maneira que poida dicir: «compénsame». Daquela, a contribución dos avós ao coidado dos netos e as netas reduce o efecto da mingua de incentivos e o custo de oportunidade da muller que opta por traballar.

En segundo lugar, os avós cuidadores, ao exercerem o seu dereito a coidar, contribúen á implementación do «dereito a non coidar» que tamén deben ter as mulleres (Leira, 2002). O dereito a non coidar non pode ser exclusivo dos homes, senón que é necesario establecer mecanismos que coadxuven, ao igual que fan os avós cuidadores, a que as mulleres poidan gozalo se así o desexan.

Por outra parte, a través do coidado dos netos e as netas, os avós, dalgunha forma, exercen o «dereito a ser pais» que moitos non puideron facer valer no seu día, polas elevadas horas dedicadas ao traballo remunerado ou porque non quixeron. Malia ser certo que terán que adaptarse ás normas que impoñan o pai e a nai, poden desenvolver actividades cos netos e as netas descoñecidas para moitos deles.

Non é frecuente que se faga referencia aos beneficios que ten para os homes o cambio social que se está a producir, mais este é un dos puntos máis relevantes, xa que os homes viron nas últimas décadas como se reduciu a presión que existía sobre eles en canto ao mantemento económico da familia, ao tempo que se lles abría a posibilidade de se involucraren en maior medida na educación e o coidado dos fillos e fillas. Son os avós os primeiros que se están a decatar destas novas posibilidades.

Por último, e á vez que contribúen á materialización de todos estes dereitos, os avós sérvenlles de exemplo ás demais xeracións, ás cales lles transmiten a idea de que un home tamén pode coidar. Así, os netos e as netas contan xa cun referente masculino cuidador. Non podemos perder de vista que é un cambio que se produciu nunha soa xeración, polo que se trata dunha transformación radical. Podemos estar a falar de que o mesmo home que non concibía a posibilidade de levar os fillos e as fillas ao parque, pasee orgulloso hoxe os netos e as netas. Trátase, por tanto, do xurdimento dun «novo home». De acordo con Tobío (2012): «Quizais o novo home estea representado mellor que ninguén polos avós de hoxe».

### **3.3. Posibles perigos: a dobre dependencia**

Ser avó ou avoa ten efectos positivos, xa que entretén, fomenta a autoestima ou protexe contra as depresións (Hoyuelos, 2004). Mesmo amortece en determinadas ocasións as relacións entre pais e nais e fillos e fillas. Non obstante, a pesar de que existen moitos efectos positivos da participación dos avós e as avoas no coidado dos netos e as netas, debemos facer referencia aos posibles perigos que se derivan de que este fenómeno se converta nunha dobre dependencia, coas connotacións negativas que isto ten (Badenes

e López, 2011). Os devanditos perigos xorden tanto se son as avoas as que asumen os coidados como de tratarse dos avós.

Os avós e avoas son, en primeiro lugar, un colectivo potencialmente receptor de coidados. Porén, cando se lles encargan os coidados de netos e netas, asumen o papel de coidadores. Por tanto, debe terse moi en conta até que punto contan cunhas condicións de saúde adecuadas para prestar estes coidados, de maneira que non se chegue a extremos en que se abuse da súa confianza. Así mesmo, é fundamental que os coidados se realicen de forma voluntaria. Para iso, é vital que se acorde un determinado grao de compromiso, en que se clarifique a dedicación que asumen os avós e as avoas nestes coidados (Ibarra e Pinazo, 2008). Desta forma, reduciríase a intensidade con que coidan, que, segundo Badenes e López (2011), é moi alta en España en comparación coa media europea.

Ser avó ou avoa non é opcional, mais ser coidador/a si debe selo, polo que a mellor alternativa pasa polo establecemento de límites que consigan evitar que se coide os netos e as netas por obriga, por medo a non cumprir o que se espera dun/ha ao opoñerse, co conseguinte sentimento de culpabilidade e egoísmo (González 2011; Guasch, 2006)

#### **4. Conclusións**

Os recortes levados a cabo ante a crise económica actual céntranse en boa medida nas políticas sociais. Daquela, se antes afirmabamos que as políticas con que se contaba en España para conseguir a plena conciliación familiar eran escasas, queda patente que o piar do Estado se verá moi reducido no futuro, coas consecuencias que iso terá, principalmente, para as mulleres. Neste contexto, as redes familiares cobran unha vital importancia para o mantemento dos postos de traballo por parte da muller. O apoio que esta poida conseguir de achegados e familiares será fundamental. É neste punto en que o papel desempeñado polas avoas e, recentemente, polos avós, se pon de relevo. Os cambios demográficos e sociais son factores explicativos da que denominamos «revolución dos avós», é dicir, da incorporación dos avós, en masculino, ao coidado dos netos e as netas. As transformacións nos roles de xénero que teñen lugar na vellez son unha das principais causas deste cambio. Non obstante, os avós maternos axudan en maior medida ao coidado dos netos e as netas, pois subsiste aínda a idea de que é a muller a que debe «solucionar» o problema que xorde cando se incorpora ao mercado laboral e se necesita que alguén se encargue de todo o traballo doméstico, incluídos os coidados de crianzas e persoas dependentes.

Os efectos que se derivan da «revolución dos avós» camiñan en dous sentidos: por un lado, ten efectos regresivos, xa que mantén o sistema de coidados dentro da familia, sen que se chegue a dar o paso de que a sociedade asuma a súa plena responsabilidade sobre a sustentabilidade social; polo outro, os seus efectos tamén son progresivos, pois permite que as mulleres poidan exercer o seu dereito a traballar (Mundlak, 2007), ao reducir o custo de oportunidade da muller que decide incorporarse ao mercado de traballo; no tocante ás avoas, coaduxa á implementación do dereito a non coidar das mulleres (Leira, 2002); e posibilita que os avós desenvolvan tarefas relacionadas coa paternidade, das cales moitos non quixeron ou non puideron gozar no seu momento. A relación establecida nese coidado entre avós e netos e netas pode ser moi beneficiosa, sempre que se establezan límites no grao de compromiso asumido (Guasch, 2006).

O avó actual é a mostra de que, logo de quedar patente que unha nova muller é posible, un novo home tamén o é (Tobío, 2012). A pesar de que os homes tamén teñen moito por gañar neste proceso de cambio que vivimos, dada a menor presión que existe sobre eles para que manteñan economicamente a familia, son os avós os primeiros que están a asumir o seu novo rol e gozan dos beneficios do cambio. No entanto, queda moito por facer até a consecución da plena sustentabilidade social, que se alcanzará no momento en que a sociedade tome conciencia da súa responsabilidade neste ámbito, e non exista ningún colectivo obrigado a manter o sistema.

## Referencias bibliográficas

- BADENES PLÁ, N. e LÓPEZ LÓPEZ M. T. (2011) «Doble dependencia: abuelos que cuidan nietos en España» *Revista de Servicios Sociales* 49, pp. 107-125.
- BARREIRO-GEN, M., NOVO-CORTI, I. e JUSTO SUÁREZ, C. (2012) «Apoyo social de las mujeres: evolución e interacción de los agentes sociales» en Vázquez Bermúdez, I. (coord.) *Investigación y género. Inseparables en el presente y en el futuro. IV Congreso Universitario Nacional Investigación y Género*. Sevilla, Edición Digital @tres, pp. 143-156.
- CARRASCO, C. (2009) «Mujeres, sostenibilidad y deuda social» *Revista de Educación* número extraordinario, pp. 169-191.
- CARRASCO, C. (2006) «La paradoja del cuidado: necesario pero invisible» *Revista de Economía Crítica* 5, pp. 39-64.
- CARRASCO, C. (2001) «La sostenibilidad de la vida humana: ¿un asunto de mujeres?» *Mientras Tanto* 82, pp. 43-70.

- CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS (CSIC) (2003) *Encuesta CSIC sobre el uso del tiempo en España*. Madrid, CSIC.
- DALY, M. e LEWIS, J. (2000) «The concept of social care and the analysis of contemporary welfare states» *British Journal of Sociology* 51(2), pp. 281-298.
- DOMÍNGUEZ FOLGUERAS, M. (2012) «La división del trabajo doméstico en las parejas españolas. Un análisis del uso del tiempo» *Revista Internacional de Sociología* 70(1), pp. 153-179.
- EUROSTAT (2012) *Population and social conditions. Demography. Proportion of population aged 65 and over*. Luxemburgo, Comisión Europea.
- FERNÁNDEZ CORDÓN, J. A. e TOBÍO SOLER, C. (2006) *Conciliar las responsabilidades familiares y laborales: políticas y prácticas sociales*. Madrid, Fundación Alternativas.
- GONZÁLEZ, I. (2011) «La clase social puede marcar la diferencia entre disfrutar de los nietos o sentirse “utilizados” por los hijos» *Revista 60 y Más* 308, pp. 18-21.
- GUASCH VALLS, C. (2006) «¿A la vejez viruelas? El papel de las abuelas en el cuidado de hijos y nietos» en Roigé, X. (coord.) *Familias de ayer, familias de hoy: continuidades y cambios en Cataluña*. Barcelona, Icaria, pp. 179-193.
- HERRERA, R. S. e DELCAMPO, R. L. (1995) «Beyond the Superwoman Syndrome: Work Satisfaction and Family Functioning among Working-Class, Mexican-American Women» *Hispanic Journal of Behavioral Sciences* 17(1), pp. 49-60.
- HOYUELOS PLANILLO, A. (2004) «Abuelos, abuelas, nietos y nietas. El punto de vista infantil» *Indivisa: Boletín de Estudios e Investigación* 5, pp. 35-42.
- IBARRA, J. e PINAZO, S. (2008) *Mis abuelos me cuidan. Guía para los canguros del siglo XXI*. Madrid, ICM.
- INSTITUTO DE ESTADÍSTICA DE ANDALUCÍA (2010) *Abuelas y abuelos en la red familiar*. Sevilla, Xunta de Andalucía.
- INSTITUTO DE MAIORES E SERVICIOS SOCIAIS (2005) *Cuidado a la dependencia e inmigración: Informe de resultados*. Madrid, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2014) [en línea] Encuesta sobre población activa. Disponible no endereço web <<http://goo.gl/A2wJfl>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2012a) [en línea] Indicadores demográficos básicos. Disponible no endereço web <<http://goo.gl/k8iH2g>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2012b) [en línea] Proyecciones de población a largo plazo. 2009-2049. Disponible no endereço web <<http://goo.gl/nc9R5d>>.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2011) [en línea] Encuesta de empleo del tiempo 2009-2010. Resultados detallados definitivos. Disponible no endereço web <<http://goo.gl/QidWAV>>.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2010) [en línea] Estadística de nulidades, separaciones y divorcios 2010. Disponible no endereço web <<http://goo.gl/z3qBSc>>.

KEMP, C. L. (2007) «Grandparent-grandchild ties: Reflections on continuity and change across three generations» *Journal of Family Issues* 28(7), pp. 855-881.

LEIRA, A. (2002) *Working Parents and the Welfare State. Family Change and Policy Reform in Scandinavia*. Cambridge, Cambridge University Press.

MARTÍNEZ BUJÁN, R. (2011) «La reorganización de los cuidados familiares en un contexto de migración internacional» *Cuadernos de Relaciones Laborales* 29(1), pp. 93-123.

MEIL LANDWERLIN, G. (2003) «La figura del abuelo en las familias españolas de la actualidad» *Portularia: Revista de Trabajo Social* 3, pp. 33-47.

MUNDLAK, G. (2007) «The right to work: Linking human rights and employment policy» *International Labour Review* 146(3-4), pp. 189-215.

NEWELL, S. (1993) «The Superwoman Syndrome: Gender Differences in Attitudes Towards Equal Opportunities at Work and Towards Domestic Responsibilities at Home» *Work Employment and Society* 7(2), pp. 275-289.

OSUNA, M. J. (2006) «Relaciones familiares en la vejez: vínculos de los abuelos y de las abuelas con sus nietos y nietas en la infancia» *Revista Multidisciplinar de Gerontología* 16(1), pp. 16-25.

PÉREZ OROZCO, A. (2006) «Amenaza tormenta: la crisis de los cuidados y la reorganización del sistema económico» *Revista de Economía Crítica* 5, pp. 7-37.

RADL PHILIPP, R. M. (2007) «Roles de género y vejez: las relaciones familiares entre abuelas, abuelos, nietas y nietos en la actualidad» en Veira Veira, J. L. (coord.) *La sociología y los nuevos retos = A socioloxía e os novos retos. IV Congreso Astur-Galaico de Socioloxía*. A Coruña, Universidade da Coruña.

RADL PHILIPP, R. M. (2003) «Transformaciones en el comportamiento en función del género en la vejez: el caso de las relaciones familiares actuales entre abuelas, abuelos y nietas y nietos» *Papers: Revista de sociología* 70, pp. 117-134.

SÁNCHEZ, M.; BUZ DELGADO, J.; BUENO, M. B. e NAVARRO, A. B. (2007) «Abuelas, abuelos... y nietos: vinculación intergeneracional» en López, F. (coord.) *La escuela infantil: observatorio privilegiado de las desigualdades*. Barcelona, Graó, pp. 183-194.

TOBÍO SOLER, C. (2012) «Cuidado e identidad de género. De las madres que trabajan a los hombres que cuidan» *Revista Internacional de Sociología* 70(2), pp. 399-422.



TOBÍO SOLER, C. (2008) «Redes familiares, género y política social en España y Francia» *Política y Sociedad* 45(2), pp. 87-104.

TOBÍO SOLER, C. (2005) *Madres que trabajan: Dilemas y estrategias*. Madrid, Cátedra.

TOBÍO SOLER, C. (2002) «Monoparentalidad y solidaridad entre mujeres en España: el papel de las abuelas cuando las hijas trabajan» *Revista Vasca de Sociología y Ciencia Política* 34, pp. 7-19.

TOBÍO SOLER, C.; AGULLÓ TOMÁS, M. S.; GÓMEZ, M. V. e MARTÍN PALOMO, M. T. (2010) *El cuidado de las personas: un reto para el siglo XXI*. Barcelona, Fundación La Caixa.

VILLALBA QUESADA, C. (2002) *Abuelas cuidadoras: una aportación para el trabajo social*. Valencia, Tirant Lo Blanch.

ZAPATER-TORRAS, F. e MUÑOZ PÉREZ, M. A. (2006) «Impacto del cuidado de los nietos en la salud percibida y el apoyo social de las abuelas» *Atención Primaria* 37(7), pp. 374-379.